

O Coro Tradicional Cantares do Brión presentárase no Auditorio Mar de Vigo.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 25 Outubro 2012 22:43



O Coro Tradicional Cantares do Brión, con sede no Centro Cultural de Vincios, estará, como artista invitado, nas XIII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS 2012 que se celebran este sábado, 27 de outubro, no Auditorio Mar de Vigo, da cidade olívica. Será a partir das 19,00 horas. A entrada é libre até completar o aforo.

Nas Xornadas participarán tamén a Asociación Cultural Andarela, Asociación Folclórica Colexiata do Sar, Asociación Cultural Seixebra e Asociación Cultural Traspés.